

## PRAIA DO RAZO: PENEIRA QUE TE PENEIRA

A este gran areal de perto de Caión, no concello da Laracha, foi traballar un grupo de nove voluntari@s lugues@s o pasado día 27. A esta zona, controlada por TRAGSA, foi onde os mandaron os servicios da Xunta de Galicia que dirixen o voluntariado que aínda queda.

Dixéronnos os de Lugo que TRAGSA está a traballar con medios mecánicos, grandes peneiras e tamén escavadoras, e que se meten con elas mesmo polas dunas. Forman moreas de area, penéirana e vólvena botar.

Ós nosos voluntarios tivéronos, basicamente, peneirando manualmente. Observaron que había moito chapapote vello sedimentado, en placas delgadas que seguramente ocuparán a extensión de toda a praia. Viron xente da empresa adxudicataria facendo algún labor, aínda que máis ben pouco, din. Tamén había arredor de vinte militares, que chegaran nun camión; botarían unhas tres horas, traballando algo, e fóronse.

Ó acaba-lo traballo, quixéronlles dar ós lugueses gorras de propaganda da Xunta. Non as colleron. Xa de volta, despois dunha xornada máis ben dura, con moito aire que metía area nos ollos, razoaban unha vez máis sobre os propósitos desta administración que torna o voluntariado de Camariñas ou Muxía, onde hai traballo intenso que facer, e o manda a lugares onde o esforzo ten resultados menos visibles e gratificantes.

Sexa como for, seguiremos indo ás praias mentres haxa chapapote. E arestora hai ben del.

## DESAPARECIDOS

Hai veces que en *Nunca Máis* preguntámonos qué haberá que facer para concita-lo interese mediático arredor dos nosos pronunciamentos, estimacións e propostas. Cinco meses despois, non sei cantos actos públicos e centos de miles de persoas mobilizadas, coordinación de voluntarios, premios, manifestacións masivas de apoio, aparecer no rexistro da CIA como grupo importante de intervención social, nada parece ser suficiente para ter presenza relevante en espacios e medios informativos de Galicia.

O da última fin de semana de abril mergulla a calquera nun mar -se cadra negro- de interrogantes. Resulta que comparece no país unha ministra para visita-las Cíes e ten entrevista dunha páxina, para repetir, outra vez, a mensaxe consabida. Convocan as organizacións do mar de **NM** rolda de prensa, para falar da situación e problemas do sector, e temos un cuarto de columna. En fin, paciencia.

## NON ESQUECEMOS: O DÍA 4, A SANTIAGO

*Nunca Máis* volve convocar a cidadanía galega. O *Prestige* segue a botar fuel, o fuel está no mar e as mareas móvenlo. O sector do mar, o país todo segue preocupado e os gobernos non afrontan o problema de maneira convincente. Tampouco non hai medidas serias de recuperación eco-nómica. E, para colmo, a administración insiste en que tiveron e teñen unha actuación extraordinaria. Galicia debe facer ver que isto é inaceptable. Manifes-tarémonos en Compostela domingo, día 4 de maio, desde as 12:00.

## VOLTA A GALICIA: O DÍA 8, EN LUGO

Estamos en rota por todo o país desde o día 20, no que a Volta saíu do Barco de Valdeorras. O vindeiro xoves, 8 de maio, a caravana de **NM** virá de Rábade a Lugo. Primeiro serán as motos quen saian da vila chairega e cheguen ata o río. Beireando o pai Miño e a estrada de Ombreiro, un grupo de xinetes entrega-r-anlle-lo testemuño ós piragüistas. Logo de desembarcar na Ponte, varios atletas traerán a mensaxe do movemento cidadán galego ata a Praza Maior.

O día anterior realizaremos un acto público de información e debate. O mesmo 8 haberá unha mostra sobre o desastre do *Prestige*, a marea negra e a reacción dos galegos.

